

Un espectáculo teatral
para degustar
pouquiño a pouco,
lambendo e
relambendo,
pasando
a lingua
a modiño,
deixándonos
un doce sorriso
nos beizos.

con
**María Ordóñez
e Diego Rey**

textos de
**María Canosa,
Santiago Cortegoso
e Séchu Sende**

dirección
Santiago Cortegoso

un espectáculo de



taía teatro

co patrocinio de



Unha lambetada é un doce, algo saboroso, que se come por gusto. Pero tamén é a acción de pasar a lingua buscando un efecto agradable.

Partindo da dobre acepción da palabra elaboraremos un doce e gorentoso espectáculo teatral, pasando a lingua a modinho, con deleite, sobre unhas historias que nos deixarán un doce sorriso nos beizos.



1. presentación

Lambetadas é un espectáculo para público familiar e infantil, recomendado para nenas e nenos de 6 a 11 anos de idade, que ten como obxectivo fundamental a concienciación e posta en valor da lingua propia como elemento fundamental da identidade individual e colectiva na sociedade galega actual.

O traballo de creación baséase nos textos encargados ex profeso a varios autores (Santiago Cortegoso, Sechu Sende e María Canosa), que son levados a escena baseándose no universo do clown e nas técnicas do teatro de obxectos. Mediante o xogo escénico e o humor, os dous protagonistas han pasar por diversas situacións cómicas que os levarán, sempre desde unha linguaxe naif e inocente, a encarnar múltiples personaxes con diferentes oficios e disciplinas. Pero han acabar descubrindo que a identidade está na propia lingua, porque con ela se poden saborear as lambetadas máis doces e variadas.

2. sinopse

Dous personaxes excéntricos entran en escena. Como non saben quen son, nin de onde veñen, nin cara a onde van, non lles queda máis remedio que coñecérense, tanto un ao outro como a eles mesmos. O que descubren é que para atopar a súa identidade deberán saber o que lles pasa ás súas linguas. Porque sen unha lingua propia chea de saúde non se poden lamber as lambonadas, que é o máis rico que hai.



Hai linguas e linguas. E non hai unha igual cá outra. Iso si: cada quen lambe coa súa. Non vai lamber con outra. Porque se tes unha lingua tes que empregala. E vale para lamber calquera cousa. E para falar de calquera cousa. E en calquera situación. Porque todas as linguas valen para o mesmo. Para entenderse. Para comunicarse. Para dicir o que cada quen queira dicir. E para lamber o que cada quen queira lamber. Para lambiscar e gozar, para darse gusto.



3. Ficha artística-técnica

Elenco	María Ordóñez e Diego Rey
Autores	María Canosa Séchu Sende Santiago Cortegoso
Escenografía e iluminación	Dani Trillo
Vestuario e caracterización	Martina Cambeiro
Diseño gráfico	Fausto Isorna
Fotografía e vídeo	Rubén Prieto
Producción e distribución	Auri Ferreiro e Artur Trillo
Axudante de dirección	Martina Cambeiro
Dirección	Santiago Cortegoso

Dirección

Santiago Cortegoso

Despois de traballar como actor en numerosos espectáculos de compañías galegas (Teatro de Ningures, Teatro do Morcego, A Factoría Teatro, Nove Dous, Llu Llu teatro, etc.), intensifica a partir de 2009 a súa actividade na escrita e na dirección de escena, nomeadamente á fronte da súa compañía Ibuprofeno teatro, coa que montou, entre outras, CASA O'REI, RACLETTE, O FURANCHO e A FILLA DE WOODY ALLEN.

No eido infantil escribiu e dirixiu O CAMIÑO DOS PAXAROS, para Magín Blanco. Gañou o Premio Rafael Dieste, o Álvaro Cunqueiro, o Varela Buxán, o María Casares en tres ocasións e foi finalista nos Premios Max 2017 nas categorías de Autoría e Dirección.

Elenco

María Ordóñez

Empezou a súa andadura teatral coa compañía no ano 2003 co espectáculo 'Eu así non xogo'. Deste entón realizou xa trece montaxes coa compañía, entre os que destacan a súa interpretación en 'Palabras encadeadas' e ' O método Grönholm' de Jordi Galcerán e 'Pelos na lingua' de VV.AA.

Ten recibido premios á interpretación como actriz protagonista do espectáculo 'Pelos na lingua'.

Diego Rey

Licenciado en Dirección escénica e dramaturxia na ESAD. Forma parte do equipo estable de Talía desde o ano 2006 participando dunha ou doutra maneira en todas as súas montaxes.

Cabe destacar a súa formación en Commedia dell'Arte con algúns dos profesionais máis recoñecidos a nivel internacional: Antonio Fava, Fabio Mangolini, Carlo Boso, Tania Passarini, Massimo Macchiavelli e Claudio de Maglio.

Autoría

O espectáculo está concebido a partir de textos de María Canosa, Séchu Sende e Santiago Cortegoso.

María Canosa

Escritora ceense especializada en literatura infantil e xuvenil. Ten colaborado en varios medios de comunicación como articulista e contertulia. A súa obra literaria é extensa e ten sido recoñecida por esta en moitas ocasións.

Séchu Sende

Jose Luis Gonzalez Sende, más conocido como Séchu Sende, comenzou a escribir poesía no Colectivo Poético Serán Vencello, e publicou o poemario Odiseas en 1998. En 2003 foi galardoado co premio Blanco Amor grazas á súa novela Orixe, e no 2007 a Asociación Galega de Editores otorgoulle o premio Anxel Casal á súa colección de contos Made in Galiza.





talía teatro

Producións Teatrais Talía S.L.
Vía Marconi 2A, Polígono do Tambre
15890 Santiago de Compostela

Tfnos. 981943242 _ 630877153
info@taliateatro.gal

www.taliateatro.gal